



**ACORDO DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DUN CONCERTO NA CIDADE DA
CULTURA DE GALICIA TITULADO “ÓPTICAS CONTEMPORÁNEAS”**

Santiago de Compostela, a 14 de novembro de 2024

Dunha parte, D^a **BELÉN HERNÁNDEZ LAFUENTE**, en calidade de Xerente do CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO, en nome e representación da orquestra REAL FILHARMONIA DE GALICIA, con C.I.F. V15392319 e domicilio social en Rúa do Vilar, 59, Santiago de Compostela (A Coruña).

Doutra parte, D^a **ANA ISABEL VÁZQUEZ REBOREDO**, en calidade de DIRECTORA XERENTE segundo poder outorgado ao efecto polo Padroado na súa sesión do 16 de decembro de 2016, en representación da FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, provista de C.I.F. núm.G15721640, e con domicilio social na Lugar de Gaiás, s/n de Santiago de Compostela e domicilio a efectos de notificacións en Cidade da Cultura de Galicia, Edificio CINC, terceiro andar, Lugar de Monte Gaiás, s/m (CP 15707) de Santiago de Compostela (A Coruña)

Todas as partes, recoñecendo mutuamente con capacidade suficiente para contratar e obrigarse,

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Que o CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO (en adiante CONSORCIO) ten como fins esenciais, entre outros, os de servir de apoio administrativo e de xestión ao Real Padroado da Cidade de Santiago de Compostela para o mellor cumprimento por este dos seus fins propios, así como asegurar o mantemento e a adecuada xestión das instalacións, equipamentos e servizos dotados como consecuencia de actuacións acordadas polo mesmo Real Padroado.

O CONSORCIO representa á orquestra REAL FILHARMONÍA DE GALICIA, unha agrupación formada por 50 músicos e considerada como un dos proxectos musicais referentes da comunidade galega.

O CONSORCIO está constituído pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia, e o Concello de Santiago de Compostela, quedando adscrito á Administración Xeral do Estado, en virtude do previsto no artigo 120.2.f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. O ministerio de adscrición será aquel en cuxos orzamentos se consigna a achega anual do Estado ao Consorcio.

Conforme ao disposto nos seus estatutos (Resolución do 29 de novembro de 2018, da Subsecretaría de Facenda, pola que se publican os Estatutos modificados do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela, BOE núm. 292, de 04.12.2018), O CONSORCIO ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins específicos. Conforme ao artigo 119 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do



Sector Público, o Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela réxese polo establecido na devandita Lei, polas disposicións destes estatutos, pola regulamentación interna ditada en desenvolvemento dos mesmos, e pola lexislación específica que lle sexa aplicable. En particular, o Consorcio estará suxeito ao réxime xurídico de persoal, orzamentación, contabilidade e control da Administración Xeral do Estado, en canto Administración Pública de adscrición

SEGUNDO.- Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia (en adiante CIDADE DA CULTURA ou Fundación) é una entidade sen ánimo de lucro, que ten por obxecto a *“creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición y consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio a interacción cultural”*.

Para a consecución dos fins mencionados no parágrafo anterior, a CIDADE DA CULTURA pode realizar, entre outras, as seguintes actividades:

- a) *As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura. [...]*
- d) *Cantas dinamicen o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da nosa cultura, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou a cultura de base. [...]*
- e) *As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada. [...]*

Así mesmo, no II Plan Estratéxico fixa como liña de acción para o período 2022-2027 a Acción 3.1.1 Colaboración co sector cultural galego, que busca a coordinación formal e informal con entidades do tecido cultural galego, consolidando a Cidade da Cultura como recurso para o sector, fomentando proxectos colaborativos e traballo en rede, tanto que enriqueza a nosa acción cultural coma as doutras entidades.

Polo anterior, a CIDADE DA CULTURA entende como fundamental a colaboración con outras entidades de referencia no eido cultural, como é o caso do CONSORCIO que representa á orquestra REAL FILHARMONÍA DE GALICIA.

Aínda que a formalización deste acordo, pola súa propia natureza non da lugar á realización de investimentos reais, pois non se poden materializar en activos, sen embargo si poden considerarse como investimentos de carácter inmaterial pois están incrementando o valor das actuacións realizadas nunha materia directa ou indirectamente relacionada tanto coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (á que está adscrita a Fundación Cidade da Cultura de Galicia) e a propia Fundación Cidade da Cultura de Galicia. Polo tanto, coa sinatura do convenio se está a adquirir un activo inmaterial para o sector público autonómico.



TERCEIRO.- Que o CONSORCIO e a CIDADE DA CULTURA está de acordo en asinar o presente acordo de colaboración para a realización dun concerto titulado “Ópticas Contemporáneas” o día 16 de novembro de 2024 no Andar -1 do Museo Gaiás da Cidade da Cultura de Galicia.

Que co fin de regular as condicións e as relacións xurídicas que se deriven da realización do mencionado concerto, as partes acordan formalizar o presente acordo, que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto do presente acordo consiste na realización dun concerto pola REAL FILHARMONÍA DE GALICIA titulado “As catro estación recompostas! no marco do ciclo de música “Ópticas contemporáneas” o día 16 de novembro de 2024 , ás 20:00h, no Andar -1 do Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura de Galicia, co seguinte programa:

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Baldur Brönnimann, director
James Dahlgren, violín solista

Antonio Vivaldi / Max Richter: The Four Season Recomposed

A CIDADE DA CULTURA porá a disposición da REAL FILHARMONÍA DE GALICIA o espazo do concerto para os ensaios da orquestra o día 16 de novembro (mañá e tarde).

SEGUNDA.- OBRIGAS DAS PARTES

O **CONSORCIO** obrígase a:

A prestar a súa total colaboración á CIDADE DA CULTURA na negociación das autorizacións de uso de imaxe do/as artistas

A asumir os gastos derivados da actividade da orquestra

A **CIDADE DA CULTURA** obrígase a dispoñer da sala nas seguintes condicións:

Iluminación suficiente para a lectura correcta das partituras.

A temperatura deberá estar entre vinte e vinte seis graos.

Deberán dispoñer de camerinos para homes e mulleres, asegurando espazo suficiente para todos os integrantes da orquestra.



Persoal (2 persoas) para a descarga de enseres, como se especificará na folia de necesidades técnicas.

Un número de botellas de auga mineral sen gas suficiente para todos os membros da orquestra, antes da proba acústica.

Organización de venda de entradas a través de internet

Comunicación específica para a realización deste concerto

Deseño e aluguer de luces para o espectáculo

A CIDADE DA CULTURA farase cargo das labores de seguridade do recinto onde se realizará a actuación dispoñendo dos seguros necesarios e obrigatorios pola lexislación para eventos do tipo do que aquí se trata.

TERCEIRA.- VENTA DE ENTRADAS

Todo o relacionado coa venda de entradas ou outras fontes de ingreso, directa ou indirectamente relacionadas co concerto, serán de exclusiva competencia da CIDADE DA CULTURA.

Así mesmo, o pago de dereitos de autor a calquera outra entidade de xestión de dereitos de autor relacionado co concerto, relativo ao acto de comunicación pública establecido no artigo 20 da LPI, será a cargo da CIDADE DA CULTURA, así como os impostos que a devandita venda puidesen xerar.

A CIDADE DA CULTURA reservará ao CONSORCIO dez (10) entradas ben situadas con carácter de invitación.

CUARTA.- FINANCIACION

O CONSORCIO asumirá os gastos derivados da actividade da orquestra (cachet de todos os músicos, director e solistas, persoal de montaxe, aluguer de partituras e instrumentos necesarios para a realización do concerto como clavecín, cadeiras e atrás e etc.).



No caso da Fundación, os custes repercutidos serán os ordinarios e propios da súa actividade.

QUINTA.- AUTORIZACION DE USO DE IMAXE

O CONSORCIO comprométese a prestar a súa total colaboración á CIDADE DA CULTURA na negociación das autorizacións de uso de imaxe dos artistas para participar en calquera campaña de promoción específica ou xenérica que fose realizada pola CIDADE DA CULTURA durante os cinco anos seguintes á celebración do concerto, así como na súa páxina web e redes sociais, contando sempre co consentimento previo e por escrito do/s artista/s. Para este fin, a Fundación poderá contratar a profesionais que se encarguen de facer fotografías e vídeos o día do concerto.

SEXTA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición deste acordo non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto do presente acordo e a CIDADE DA CULTURA., de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

SÉTIMA.- VIXENCIA DO ACORDO.

O prazo de duración do presente acordo estará vinculado á realización do concerto o día 16 de novembro de 2024. Chegado o prazo máximo de duración, o acordo non poderá ser prorrogado.

Non obstante o anterior, en caso de suspensión da actuación por causas imputables ao CONSORCIO, ao/s artista/s ou a posibles problemas entre ambas as dúas, a Fundación, poderá optar pola realización do concerto noutra data ou ben, pola resolución do acordo e a correspondente indemnización dos danos e prexuízos ocasionados á CIDADE DA CULTURA. A Fundación se reserva o dereito a exercer as accións xudiciais que considere convenientes polo devandito incumprimento.

OITAVA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO



Constituirase unha Comisión de seguimento, formada, cando menos, por un representante por cada unha das partes asinantes. Esta comisión asumirá entre outras, as seguintes funcións;

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste acordo, definindo as actuacións que se consideren precisas para tal finalidade.
- Interpretar, en caso de dúbida, o seu contido.

A comisión reunirse as veces que as partes estimen oportuno, para mellor cumprimento e execución deste acordo, e por iniciativa de calquera delas, convocándose por escrito cun antelación mínima de 1 semana, agás que se considere de urxencia, en cuxo caso deberá reunirse no prazo de 48 horas.

NOVENA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

Serán causas de resolución do presente acordo:

1. O acordo mutuo entre as partes
2. O incumprimento sistemático e continuado das cláusulas contidas nel.
3. O cumprimento do prazo máximo de duración do acordo, excepto nos casos previstos na cláusula quinta do presente acordo.
4. As disposicións normativas ou, de ser o caso, acordos da Xunta de Galicia polas que extingan as partes ou se dispoñan outros usos para a Cidade da Cultura de Galicia.

DÉCIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS

Ambas partes comprométense a dar cumprimento á normativa vixente en cada momento de protección de datos persoais, de conformidade co especificado no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección dos datos persoais e á libre circulación destes datos (en diante, RXPd) e demais normativa concordante que sexa de aplicación. No caso de que, para a prestación dos servizos obxecto do presente Acordo, fora necesario que calquera dos asinantes accedese a datos persoais dos que resultase responsable a outra parte, darán cumprimento ás obrigacións previstas no artigo 28 do RXPd, e en ningún caso os aplicarán ou utilizarán para fins distintos ao obxecto do presente Acordo.



DÉCIMO PRIMEIRA.- RÉXIME XURÍDICO E PUBLICIDADE.

O presente acordo se atopa excluído do ámbito de aplicación da Lei de Acordos del Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español ás directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, segundo dispón o artigo 6 desta normativa.

A natureza xurídica do convenio é netamente patrimonial. A normativa aplicable ao convenio é a do dereito privado con independencia de que deben terse en conta os principios recollidos Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común e á Lei 40/2015, do 1 de outubro, o é en canto aos principios de funcionamento. Igualmente será de aplicación a Lei 5/2011, de 30 de setembro so aos efectos dos principios sinalados na mesma.

Terase en conta o establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en especial ao que se refire á publicidade deste acordo.

Este acordo incluírase no Rexistro de acordos da Xunta de Galicia a que se refire o Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Acordos da Xunta de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA.- CESIÓN E SUBCONTRATACION

En ningún caso se admite a cesión ou subcontratación dos espazos ou instalacións obxecto do presente Acordo.

DÉCIMO TERCEIRA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.



As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións

DÉCIMO CUARTA.-XURISDICCION

As cuestións litixiosas xurdidas na aplicación do presente acordo, serán resoltas pola xurisdición civil.

As partes sométense, con renuncia a calquera outro foro que puidese corresponderlles, á xurisdición dos Xulgados e Tribunais de Santiago de Santiago de Compostela, para a resolución de calquera cuestión litixiosa que puidese derivarse da interpretación ou do cumprimento do presente acordo.

O que en proba de conformidade asinan por duplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

POLO CONSORCIO DE SANTIAGO

POLA CIDADE DA CULTURA

ASDO.: BELÉN HERNÁNDEZ LAFUENTE
XERENTE

ASDO.: ANA ISABEL VÁZQUEZ REBOREDO
DIRECTORA XERENTE